



## O CONVENIO PASA POR CONFRONTAR CO GOBERNO E A EMPRESA

### O intercentros aposta por eliminar as medidas de non colaboración

Hai dúas semanas houbo unha permanente conxunta de Fene-Ferrol. **CGT** defendeu recuperar as medidas de non colaboración que estábamos aplicando ata o referendo; a opinión maioritaria foi que non. CCOO vencellou a negativa á necesidade de fixar os novos obxectivos para a negociación; o presidente do comité de Ferrol, a que outros o fagan primeiro. A escusa común para desmobilizar é o desgaste da plantilla.

O mércores 12 houbo asemblea xeral en Cartagena. Votáronse 3 propostas: eliminar as medidas de non colaboración, mantelas ou endurecelas. O comité **non** opinou, non se pronunciou a favor de ningunha. A asemblea votou por ampla maioría a favor de **endurecelas**.

Ó día seguinte votouse o mesmo no intercentros: a decisión foi **eliminar** as medidas de non colaboración (6 votos a favor, 5 en contra e 2 abstencións).

No seu comunicado do venres 14, o intercentros clarexa que, en calquera caso, cada centro é soberano para decidir sobre o tema. Entón, ¿que sentido ten aprobar unha declaración que **non** ten efectos **prácticos**? Darlle unha bala á empresa.

A decisión do intercentros foi posible gracias ós tres representantes ferroláns: MAS votou a favor; CIG e CCOO abstivéronse. Se MAS se abstén, ou se CIG ou CCOO votan en contra, **non** se aprobaba.

¿Non ten este tema importancia dabondo como para consultar á plantilla? A **CGT** propuxo tanto en xaneiro como en febreiro convocar asembleas parciais. Houbo tempo dabondo para facelas.

E que vai pasar agora en Ferrol? Votará MAS a favor de manter as medidas de non colaboración cando no intercentros votou a favor de eliminarlas? E CIG e CCOO?

Levamos máis de 3 anos de negociación, os traballador@s rexeitamos dous preacordos, a actitude da empresa é de absoluta chulería porque quere apuntalar o empobrecemento das plantillas.

En San Fernando houbo unha cerimonia de cor-

te de chapa o venres, en Ferrol haberá axiña unha posta de quilla... Como é posible que haxa normalidade produtiva? Como é posible que os esforzos do intercentros e dos diferentes comités se dirixan á desmobilización e ó enfrontamento entre traballador@s? Así pretenden conseguir un bo convenio e reverter o empobrecemento?

Xornadas nocturnas, prolongacións, viaxes, desprazamentos..., as medidas de non colaboración **non teñen un custe para os traballador@s**, pero **si o terían para a empresa se se adoptan seriamente**. Non incrementalas neste contexto é favorecer os intereses da empresa, é empuxar os traballador@s a unha rúa sen saída, a ter que tragar cun mal convenio.



A escusa para a desmobilización en Ferrol é o desgaste da plantilla. ¿Desgasta non prolongar xornada, non viaxar, non traballar polas noites? ¿Desgasta non realizar as máis de 10.000 horas mensuais de prolongación que había antes do inicio das medidas?

A outra gran escusa é que o resto non se moven. Pero o problema **non** son os traballador@s. Vímolos aquí en Ferrol. E viuse en Cartagena coa marcha a Madrid e agora coas medidas de non colaboración: os traballador@s están **moito máis á esquerda** cós dirixentes sindicais, quen, os uns polos outros, sempre teñen algunha escusa para desmobilizar, eludir a confrontación coa empresa e fomentar as divisións localistas entre traballador@s.

## INDUSTRIA AUXILIAR

# O problema non é só dos compañeir@s de Quirón

A folga prevista para a semana pasada non comezou. Quirón di ter boa disposición e pideu quince días para avaliar a situación. Onte houbo unha asemblea dos traballador@s e decidiron realizar unha asemblea-paro o luns da semana que vén para decidir posibles medidas de presión.

A postura da **CGT** é: as violacións de dereitos laborais son de escándalo. Tempo tivo Quirón de solucionalo, pero **non** quixo. E agora que ven posibilidades dunha folga que tería unha repercusión **decisiva** na actividade dentro das dúas factorías, as empresas (Quirón e Navantia, que sempre está detrás de todo o que acontece na IA) póñense nerviosas e piden tempo para manobrar.

A capacidade de presión dunha plantilla depende de factores como o número, o seu nivel de conciencia e organización, a súa relevancia no proceso produtivo, etc.

Neste senso, Quirón ten unhas condicións mellores ca outras compañías. Pero tamén é indubidable que se máis compañías se suman, a forza sería maior.

Este é precisamente o papel que debería estar xogando o comité de Navantia: **estender** os conflitos, **impulsar unha loita das com-**



**pañías todas que non aplican o convenio provincial e/ou que non respectan os dereitos laborais** (Sermicro, Pérez Torres, as da Sala Técnica...).

Manter un problema que é común illado en cada empresa é un favor á dirección de Navantia e á patronal da IA. **Unir forzas** sempre foi, é e será o mellor para os traballador@s.

---

## Prazas de ingreso en Cartagena: Mito e realidade

A empresa sacou **unilateralmente** dúas convocatorias: unha de 48 prazas (2/11/2023) e outra de 35 (26/1/2024). Como non as negociou co comité, CCOO presentou sendas **demandas**, ás que se uniron os demais sindicatos.

A demanda das 35 prazas foi gañada polo comité. Previamente, o xuíz ordenara a paralización cautelar da convocatoria.

A demanda das 48 caeu noutro xulgado, e ese xuíz desestimouna por cuestión de procedemento, a pesar de ser idéntica á outra.



Esta é a realidade que os localistas ferroláns manipulan para favorecer o seu obxectivo de que os traballador@s nos enfrontemos entre nós.

Outro tema moi relevante: o xuíz da demanda gañada acusa a Navantia de "**romper as regras da boa fe procesal**", cuestión esta que **non é nova** coa empresa demandada, como demostrou noutros procedementos, o que é de **extrema gravidade**, como queda dito, nunha **empresa pública** e que debería defender os **intereses xerais**" (os subliñados son nosos).

Non é só en Ferrol, é en todas partes. Navantia non respecta o convenio, incumpre sentenzas, rompe os procedementos xudiciais... E ademais faíno repetidamente.

Na dirección de Navantia hai delinquentes; non o di a **CGT**, dino os xuíces. Delinquen porque cren que a lei son eles e poden facer o que lles pete.

Esta é a auténtica Navantia, non a da cara sorrinte de RRHH nos webinars, nas xornadas de benvida ou nas notas de prensa.

---



## Israel reinicia a agresión xenocida



A madrugada de hoxe, Israel reiniciou os bombardeos masivos contra Gaza, causando **centos** de mortos.

Os fascistas israelís rompen así a tregua, a pesar de que Hamás cumpreu o acordado para a primeira fase.

Este novo acto **criminal** chega despois de que Israel cortase totalmente a entrada de axuda humanitaria e o subministro de electricidade, vital para o funcionamento das plantas desalinizadoras que subministran auga potable á poboación.

Evidentemente, Israel actúa co beneplácito de EEUU. A cousa é tan obscena que Trump non agacha que quere a expulsión dos palestinos para facer negocio convertendo Gaza nun complexo turístico de luxo.

## Que significa a guerra arancelaria de Trump?

A imposición de aranceis é unha **agresión económica** que revela dúas cousas:

- 1) Unha pugna polos mercados entre distintas burguesías nacionais.
- 2) Que a diplomacia xa **non** abonda para solucionar os problemas porque os equilibrios xeopolíticos do pasado están rotos.

EEUU perde terreo como potencia económica dominante a pasos axigantados fronte a China e os BRICS. Así que, co obxectivo de manter os seus sacrosantos beneficios, os capitalistas estadounidenses necesitan novos mercados: entre outros, queren **apropiarse** dos mercados europeos.

Como demostra a experiencia histórica, as medidas **proteccionistas** non só non solucionan os problemas da economía, senón que os **agravan**: só dous días despois de aprobalos, Trump retirou os aranceis ós coches... a petición das grandes empresas estadounidenses do sector!

Hoxe a agresión é **económica**, pero mañá será doutro tipo, se fai falta. Isto é o que explica o auxe do **militarismo** e do **fascismo**, e con eles a tendencia ó **recorte dos dereitos democráticos**.

A guerra económica **non** é ningunha novidade, pero usualmente é da **burguesía** contra a **clase obreira**. O que estoupou agora é unha disputa **entre os ladróns**.

Os traballador@s non debemos ser monicreques dos capitalistas do noso país. Ten que

darnos igual se o empresario é galego, español, alemán, estadounidense ou chinés.

O que os traballador@s debemos facer é loitar **exclusivamente** polos nosos propios intereses, pola sinxela razón de que ninguén o fará por nós.



A única maneira de frear a tolemia á que nos arrastra a clase dominante é que os traballador@s do mundo actuemos con **independencia de clase**. Debemos unirnos por riba das fronteiras para rematar con toda explotación e poñer a riqueza do mundo ó servizo da satisfacción das enormes necesidades sociais da humanidade.

# Servizo de lavandaría



En Ferrol e Fene xa hai servizo de lavandaría para chaqueta e pantalón ignífugos usados en traballos de oxicorte e soldadura, como experiencias piloto.

Os puntos de recollida tanto das prendas sucias como das limpas están en:

♦ **Ferrol:** Loxística da Produción, Calderería, Taller de Reparacións, Enfermaría e edificio de Aceiros.

♦ **Fene:** Edificio de Dirección, Área de saúde e Reparacións.

En teoría, a recollida da roupa sucia é os venres e o retorno da limpa é os mércores (coa idea de que os xoves sexa o día de deixar a sucia e recoller a limpa). Houbo semanas en que todo rodou ben e algunha onde a cousa non foi tan ben.

Os desaxustes non se deben repetir, entre outras cousas porque urxe que este servizo se **estenda a todo** o cadro de persoal.

Neste país houbo mulleres que enfermaron de asbestose por lavar na casa a roupa de traballo dos seus homes, contaminada con amianto. Pero isto a Navantia lle importa pouco porque o seu feminismo é puro **postureo**.

## Horas sindicais outubro e novembro

Os pases e as horas sindicais dos delegad@s da **CGT**. No grupo de Teams "**CGT en Navantia Ferrol (Difusión)**", tes o **detalle** das actividades de cada delegado, indicando en que gastou as horas e a listaxe completa de pases, incluídos os persoais.

Delegado	Horas	Pases sindicais	Horas
Cristian	3,50		
Diego	135,15		
Javi	131,20	Día 21. Fene. 8:45-12:15	3,50
Vicente	2,00		
Xaquín	135,25	Día 8. Fene. 13:24-14:24	1,00
<b>TOTAL</b>	<b>407,10</b>		<b>4,50</b>

Delegado	Horas	Pases sindicais	Horas
Cristian	7,00		
Diego	96,75		
Javi	69,35		
Vicente	11,75		
Xaquín	105,10		
<b>TOTAL</b>	<b>289,95</b>		<b>0,00</b>



**Sindicalismo combativo, de clase e assembleario**

**Para recibir *A Folla*, calquera consulta ou afiliarse:**

**Móbil e Whatsapp: 623 044 900 | Correo: [cgt.fe@navantia.es](mailto:cgt.fe@navantia.es)**

**CGT**